

MUSEO FORTALEZA DE SAN PAIO DE NARLA

(Rede Museística da Deputación de Lugo)

HISTORIA DO EDIFICIO

A construción primitiva da Torre de Xiá ou de San Paio de Narla, seguramente, data do século XII ou XIII, malia que os primeiros documentos que fan referencia a ela son do XIV. A Revolta dos Irmandiños provocou grandes estragos na torre, pois no séc. XVI Vasco das Seixas encomenda traballos de reconstrución desta.

En 1939, grazas á xestión e intercesión de Don Manuel Vázquez Seijas, é adquirida pola Deputación de Lugo, medida coa que se evita a súa demolición.

No edificio, composto por tres corpos e unha capela exterior, aprécianse elementos construtivos pertencentes a diferentes épocas que abarcan dende o século XVI ao XIX, co reaproveitamento de materiais do período medieval.

PLANTA BAIXA

1. PATIO

Ao redor del, dispóñense diferentes coleccións vinculadas con oficios tradicionais como a agricultura, a cestaría ou os zoqueiros, etc. algúns deles reproducidos nas imaxes realizadas polo etnógrafo alemán, Walter Ebeling. Nunha dependencia contigua poden contemplarse catro camas, tres delas tipo Olot e unha neoclásica, que constitúen a primeira parte do conxunto de camas existentes neste museo.

2. CORTE DAS CABALARÍAS

Este espazo poderíase denominar “sala do transporte”, pois é aquí onde se instalaron varias pezas vinculadas con esta actividade como poden ser unha cadeira de man e unha liteira (doadada por Don Juan López Suárez e procedente do Pazo de Rivas de Sober) ou cadeiras de montar a cabalo españolas e sudamericanas, así como tamén un fermoso conxunto de esporas.

3. ADEGA

Ao través de pezas tan curiosas coma un “pelello”, medidas para o viño, prensas para a uva ou barrís, amósanse elementos propios desta dependencia, que se atopa comunicada co salón a través dun cuarto anexo a esta habitación principal.

PLANTA ALTA

4. COCIÑA

Nela atópanse tres elementos da construción primitiva: a lareira, o forno e o servizo hixiénico. Ademais, hai diverso mobiliario típico da cociña galega: tres bancos, unha capoeira, un alzadeiro (moble con estantes para a louza) e dous cunqueiros (para colocar as cuncas); instaláronse en vitrinas pequenas coleccións de chocolateiras, ferros de pasar a roupa, pezas de olaría e cerámica galega...

5. SALÓN

O elemento arquitectónico que domina a estancia é o gran parladoiro angular con asentos. Tamén, é digna de salientar a cheminea con decoración renacentista, así coma un fermoso armario de sancristanía, probablemente do século XVII. Destacan as coleccións de reloxos de pé e de filtros de auga, empregados pola nobreza para purificar a auga destinada ao consumo humano.

No espazo central, dispuxéronse vitrinas que conteñen interesantes pezas como un ostensorio do século XVIII ou imaxes relixiosas e dúas ánimas do purgatorio, así como unha caixa de santeiro do século XVII coa representación da Virxe das Ermidas. Tamén hai mostras da ourivería popular galega ou do traballo do acibeche (pedra protectora intimamente vinculada á cultura de Galicia).

6. CUARTO DO TEAR

Descoñecemos a utilidade orixinal desta dependencia, pero ao tratarse dun lugar de tránsito entre a adega e o salón, vemos moi probable que fose un espazo ocupado polo persoal de servizo, razón pola cal se instalou alí unha sala que alberga útiles relacionados co traballo da la, o algodón e o liño: caneleiro, sarillo, tear de flocos, tornos de fiar, almofadas de encaixe, rocóns, cardas, restrelos, rocas ou fusos.

7. CORREDOR

Saíndo do salón, pódense contemplar diferentes coleccións de pezas pertencentes ás artes industriais, como son os obxectos relacionados coa iluminación (despabiladeiras, capuchinas, lámpadas de aceite, candeeiros, palmatorias, candís de garabato ou quinqués) e morteiros, datados na súa maioría nos séculos XVIII e XIX.

8. ESCRITORIO

Acolle esta sala diversos utensilios vinculados coa escribanía: tinteiros portátiles de hasta (empregados polos escribáns nos s. XVIII e XIX), “salvadeiras” e unha nutrida colección de bastóns, así coma un armario barroco e un bargueño da mesma época.

9. DORMITORIO

Recreación dunha habitación de descanso cunha cama cunha arca aos pés para gardar a roupa, así como un quentador de cama e un lavabo.

TORRE E CAPELA

10. PRIMEIRO ANDAR DA TORRE

Nel dispúxose a sección dedicada ás armas brancas, presidida por unha impresionante armadura de guerreiro samurai do século XVII e doada por Juan López Suárez. Son dignos de mención os machetes filipinos e cubanos, as dagas, os sables, as espadas *roperas*, as chaves de puxilato ou a luva medieval de cota de malla.

Ao través dunha trapela, pódese contemplar o primitivo calabozo ou cela cega da fortaleza na que se conserva unha enorme cadea con grillóns.

11. SEGUNDO ANDAR DA TORRE

O comezo desta sala vese dominada pola forza dunha armadura filipina do “tipo mouro”, realizada con placas de hasta de carabao, cota de malla e latón, datada entre o s. XVIII e XIX. Tamén poden contemplarse pistolas e pistolóns de avant e retro carga, escopetas, carabinas, fusís, canóns, etc., coleccións que se complementan con cornos e polvoreiras de caza.

12. TERCEIRO ANDAR DA TORRE

O elemento máis salientable desta dependencia é a cheminea renacentista que Vasco das Seixas mandou construír, no século XVI, decorada a base de motivos zoomorfos e fitomorfos. Nela pódense contemplar o resto do conxunto de mobiliario de descanso, composto por dúas camas barrocas tipo Olot, outras dúas galegas de tradición portuguesa e un berce, ademais dunha cadeira de brazos Dompedro.

13. CAPELA

Fóra do edificio, e ao finalizar a rampla de acceso á torre, atópase esta pequena edificación de planta cuadrangular construída no século XVIII.

Posúe un retablo, do século XIX, con diversas imaxes populares entre as que sobresa a de San Paio, un antigo confesionario, un órgano litúrxico, reclinatorios e diversas pezas de imaxinería relixiosa.

HORARIO DE VISITA

-Do 1 de abril ao 30 de setembro:

-De martes a venres: de 11,00 a 14,00 h e de 17,00 a 20,00 horas

-Sábados, domingos e festivos: de 12,00 a 14,00 h e de 17,00 a 20,00 horas

-Luns: pechado

-Do 1 de outubro ao 31 de marzo:

-De martes a venres: de 11,00 a 14,00 h e de 16,00 a 18,00 horas

-Sábados, domingos e festivos: de 12,00 a 14,00 h e de 16,00 a 18,00 horas

-Luns: pechado

ATÓPANOS NA WEB

[@sanpaiodenarla](http://museosanpaio.blogspot.com/http://www.facebook.com/museodesanpaio)

Plano + Logos+ símbolo idioma